

Instrución para o cumprimento das obrigas de publicidade no programa Innova Peme 2017

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con Fondos Estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no **Anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013**, o beneficiario deberá cumprir as seguintes obrigas de información e publicidade.

As medidas, así como a súa xustificación documental, deberán de ser declaradas de xeito responsable no Documento 04_2_B, que se presentará xunto á memoria do plan en cada xustificación de acordo co previsto no artigo 27 das bases reguladoras. En calquera caso, a Axencia Galega de Innovación poderá comprobar materialmente o cumprimento das ditas medidas ou solicitar, se é necesario, documentación complementaria.

1. Medidas de información e comunicación relativas ao Plan de Innovación apoiado:

Cómpre recoñecer o apoio do FEDER á operación mostrando en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea, e unha referencia ao FEDER que dá apoio á operación. Así mesmo, deberá incorporarse o lema asociado ao fondo “Unha maneira de facer Europa”.

A descarga do logotipo válido así como información detallada sobre os elementos de comunicación comunitaria pode obterse premendo neste [enlace](#).

2. Páxina WEB da entidade beneficiaria:

A entidade beneficiaria deberá informar ao público do apoio obtido do FEDER durante a realización do plan facendo unha breve descrición **na web da empresa**, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión.

Esta publicidade en web debe mostrarse durante a realización do plan de innovación, e pódese levar a cabo mediante dous compoñentes:

a. Enlace na páxina principal da empresa: un enlace co descritor “FEDER” ou “Programas apoiados polo FEDER”, que leve a unha páxina específica de financiamento do plan de innovación.

b. Páxina específica de financiamento do plan de innovación, que é a que debe conter os logos e información de obxectivos e resultados.

A Axencia Galega de Innovación deseñou unha imaxe para o programa, que está revisada pola autoridade de xestión do P.O. Feder Galicia 2014-2020. Deste xeito, a “páxina específica” do epígrafe anterior pódese crear co seguinte código HTML:

```


```

Ou ben pódese usar o modelo de cartel dispoñible na páxina web da Axencia Galega de Innovación, na sección [Innova Peme 2017](#) “*Imaxe InnovaPeme web*” para integralo noutro elemento de deseño (sempre respectando o tamaño).

Deste xeito, o efecto é o seguinte: na páxina principal móstrase o enlace, visible ao chegar ao espacio web, e cando se pulsa visualízase o emblema.

Exemplo:

Páxina principal:



Ao pulsar:



HOME FEDER PAGES LAYOUTS STYLES

XUNTA DE GALICIA UNIÓN EUROPEA igape galicia

Programa Re-Acciona: servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico
Esta empresa participa no Programa Re-Acciona, cuxo resultado é favorecer o crecemento e consolidación das PEME, mellorando a súa financiación, tecnoloxía e acceso a servizos de apoio avanzados

Operación cofinanciada pola Unión Europea
Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Conseguir un tecido empresarial máis competitivo
Unha maneira de facer Europa

3. Cartel ou placa informativa:

A entidade beneficiaria deberá colocar, nun lugar ben visible para o público, por exemplo, á entrada das dependencias da empresa un cartel ou placa permanente de tamaño mínimo A3.

O cartel ou a placa indicarán o **nome e o obxectivo principal da operación**, e elaboraranse de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión no Regulamento de execución (UE) n.º 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013.

Para facilitar o seu deseño, o modelo está [páxina web da Axencia Galega de Innovación, na sección **Innova Peme 2017** “Cartel_Placa InnovaPeme”](#).

4. Información ao persoal adicado as actividades do Plan de Innovación:

No caso de persoal de nova contratación para a empresa, a **mención expresa no contrato** ao cofinanciamento Feder no marco do Eixe 1 do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.1) e a presente convocatoria.

O texto proposto para que conste no contrato é o seguinte:

“Este contrato rstá financiado coa axuda concedida ao abeiro da Resolución do 12 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de innovación enmarcados en prioridades estratéxicas da RIS3, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dentro do eixo 1: “Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade”, prioridade de investimento 1.2: “Fomento do investimento empresarial en I+i, o desenvolvemento de vínculos e sinerxías entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector do ensino superior”, obxectivo específico 1.2.1: “Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas, apoio á creación e consolidación de empresas innovadoras e apoio á compra pública innovadora”.

Para o resto de persoal dedicado ás actividades do plan, a empresa deberá comunicar por escrito ao traballador que parte do seu salario está a ser cofinanciado con fondos Feder no marco do Eixe 1 do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.1) e incluírá unha mención expresa a presente convocatoria e a porcentaxe de imputación do seu tempo ás actividades do plan. Para realizar esta comunicación empregárase o modelo Documento 03_4_ Comunicación ao traballador.

3. Publicidade da axuda recibida en contratos, publicacións...:

Dar publicidade á axuda recibida nos contratos de servizos, así como en calquera outro convenio ou contrato relacionado coa execución da actuación, incluída a subcontratación, e en axudas, publicacións, relatorios, equipos, material inventariable e actividades de difusión de resultados financiadas con elas, mencionando expresamente a súa orixe e o cofinanciamento con Fondos Estruturais da Unión Europea. Ademais, deberán publicar a concesión da axuda na páxina web da empresa e mantela actualizada.

Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Axencia Galega de Innovación e a frase «Subvencionado pola Axencia Galega de Innovación» así como cofinanciado no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

A descarga do logotipo da Unión Euvopea válido así como información detallada sobre os elementos de comunicación comunitaria pode obterse premendo neste [enlace](#).

A descarga do logotipo da Axencia Galega de Innovación pode obterse premendo neste [enlace](#).